

PREMIO EDITORIAL DE FOTOGRAFÍA DOCUMENTAL GALEGA
FINALISTAS SELECCIONADOS
ACTA DO XURADO

A Coruña, 17 de Setembro de 2021

Reunido o xurado, composto por Cibrán Rico e Suso Vázquez (Fabulatorio), Xosé Lois Gutiérrez Faílde (Alauda Negra papeis e libros), Tono Mejuto (Estraperlo Editorial) e Diana Vilera (La Cueva Casa Editorial), e atendendo aos criterios establecidos nas bases da convocatoria (calidade técnica, orixinalidade temática, posibilidades narrativas e viabilidade editorial), decidiu por unanimidade [*agás no caso dun dos traballos seleccionados, no cal X. Lois Gutiérrez Faílde decidiu absterse de formular voto ou comentario algún debido a un conflito de intereses*] seleccionar 8 proxectos como finalistas ao Premio Editorial de Fotografía Documental Galega, organizado por FFoco Festival de Fotografía da Coruña. Os traballos escollidos son:

- *CEO*, de **Jacobo Ameneiro**, por abordar un tema orixinal e suxerente que interpela ao lector/espectador dende a beleza e o estrañamento que suxiren as imaxes, e por resolver, con acerto, a confrontación que media entre natureza e abstracción. *CEO* achéganos ao máis universal dende o máis local e particular.
- *El barrio*, de **Isra Cubillo**, por compoñer un retrato da Coruña afastada das visións máis estereotipadas da cidade. Por desenvolver unha perspectiva orixinal do espazo público e un achegamento á fotografía de rúa afastado do anecdótico. Trátase dun relato delicado e intencionado, no que é posible presentir unha cidade vivida.
- *A pedra mollada que arde*, de **Roberto de la Torre**, pola súa aproximación aos mitos e as crenzas populares cunha mirada moi particular, máis curiosa e fascinada que propiamente documental, sendo quen de crear un discurso visual que traslada de maneira efectiva a lóxica irracional do pensamento máxico.

- *Onza de trato*, de **Rubén Gasalla**, por documentar a memoria dun mundo que xa non existe pero que se nega a desaparecer, sen artificios ou ideas preconcebidas. A narratividade das imaxes consegue trasladar con acerto unha historia de resistencia e dignidade e, ao mesmo tempo, íntima e familiar.
- *Manolo do muro*, de **Laure Mojo**, por contar unha historia que estremece, empregando un rexistro visual particular, cargado de intención e intensidade. No impulso de documentar o rutineiro e máis próximo consegue transcender e establecer unha comunicación sobre os afectos e os sentimentos máis íntimos.
- *Ánima*, de **Ruth Montiel Arias**, pola vontade de explorar a superstición e a tradición cunha actitude crítica e consciente. Ruth Montiel constrúe un relato intencionado, ben estruturado e cunha acertada factura visual.
- *Origen o cuando la marea baja*, de **Ana Paes**, pola súa capacidade lírica e a súa honestidade á hora de afrontar o concepto da memoria, que transita sen caer en lugares comúns e cunha sensibilidade propia. Ana Paes desenvolve unha historia cunha articulación visual singular a partir dun imaxinario particular.
- *30'70 / 60'120*, de **Marta Valverde**, pola vontade de documentar unha realidade complexa dende un posicionamento contemporáneo, afastado de imposturas, empregando unha linguaxe visual crúa, coherente e radical na súa aparente naturalidade.

Os oito finalistas terán a oportunidade de participar nunha revisión de proxectos o vindeiro sábado 6 de novembro na Fundación Luis Seoane, no marco da quinta edición de FFoco. De entre eles, sairá elixido un único gañador/a do Premio Editorial de Fotografía Documental Galega, que supón a publicación do proxecto por Fabulatorio e a percepción de 600 euros (suxeitos ás retencións fiscais pertinentes) en concepto de pago adiantado por dereitos de autor de toda a edición.

